



Concello de Lugo

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO.CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G. PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO “SAN FROILÁN 2021”**

Lugo, setembro de 2021

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dona Tareixa Ferreiro Tallón, con NIF 32.773.589-S, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e enderezo en Praza Maior s/n, actuando en calidade de Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo, e Promoción da Lingua, conforme as atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local (XGL) os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo XGL número 28/452, de 17/7/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións.

Doutra parte, Don/Dona Jose Manuel López Marcos, con DNI núm. 34.261.292-D, en representación de CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G, con NIF F-27005164, con enderezo en Rúa Montero Ríos 24-26 Lugo, ambas partes recoñecen a capacidade mutua para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e

### **MANIFESTAN**

Que o Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha o San Froilán 2021 marcado aínda pola pandemia do Covid19 o que provoca que se aminorara o número de actos e actividades. Realizaranse concertos en tres prazas da cidade, unha exposición con diversas actividades arredor do traxe tradicional galego denominada Cultura e Tradición no Camiño e tamén haberá unha nova edición do San Froilán Miúdo no patio do edificio administrativo do Concello. Será un San Froilán diferente, focalizando especialmente o aspecto cultural fronte ao festivo.

O artigo. 48.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a subscripción de convenios co fin de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira. Visto o interese da entidade CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento do San Froilán-2021, ambas partes acordan asinar este Convenio de Colaboración, acolléndose ao contemplado no artigo. 47.2.c) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Local xurídico do sector público, que permite os convenios



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade

entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o artigo. 25.1 da lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

## CONVEÑEN

**PRIMEIRO.-** O obxecto deste convenio é a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade CAIXA RURAL GALEGA á festa do “San Froilán 2021”, que se celebrará entre os días 4 ao 12 de outubro de 2021. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEGUNDO.-** Como parte desta colaboración, a entidade CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G., financia, mediante a entrega da cantidade de 3.000,00 euros os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do “San Froilán 2021”. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello número ES73 3070 0001 2560 7047 3522, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente á sinatura do convenio. O Concello de Lugo expedirá as certificacións oportunas ás aportacións realizadas aos efectos legais.

**TERCEIRO.-** Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G. nos programas realizados con motivo do “*San Froilán 2021*” e difundirá por todos os medios de comunicación, páxina web e redes sociais que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. Ao finalizar o *San Froilán*, o Concello enviaralle á entidade colaboradora, a petición desta, un dossier informativo e recompilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

**CUARTO.-** O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Serán causa de extinción do Convenio igualmente as expostas no artigo. 51.2 da lei 40/2015.

**QUINTA.-** Este Convenio ten a consideración de Convenio de colaboración, e non constitúe en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seu réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.



Concello de Lugo

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**SÉXTO.-** As dúbidas que se presenten na interpretación e execución deste Convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. No caso de que persista a discrepancia, esta será resolta pola Ilima. Sra. concelleira, cuxa resolución poñerá fin á vía administrativa e poderá ser obxecto dos recursos correspondentes.

**SÉTIMO.-** Este Convenio non será prorrogable e estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o día 12 de outubro de 2021.

Por todo o exposto, asinan as partes o presente convenio por triplicado, en proba da conformidade na arriba expresada.

A TENENTA DA ALCALDESA DELEGADA  
DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E  
PROMOCIÓN DA LINGUA

Firmado por TAREIXA ANTÍA FERREIRO  
TALLÓN - 32773589S el día 06/10/2021  
con un certificado de Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
Camerfirma AAPP II - 2014

EMPRESA  
CAIXA RURAL GALEGA S.C.C.L.G

34261292D JOSE  
MANUEL LOPEZ  
(R: F27005164)

Firmado digitalmente por 34261292D JOSE MANUEL LOPEZ (R: F27005164)  
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0458/PUESTO 1/69888/02092021100244, serialNumber=DCE5-34261292D, givenName=JOSE MANUEL, sn=LOPEZ MARCOS, cn=34261292D JOSE MANUEL LOPEZ (R: F27005164), 2.5.4.97=VATES-F27005164, o=CAIXA RURAL GALEGA SDAD COOP DE CREDITO LTDA GALLEGA, c=ES  
Fecha: 2021.10.07 10:04:27 +02'00'

Asdo: José Manuel López Marcos



MURALLA  
patrimonio da humanidade